

ANEXO I

Estimadas familias:

Como vostedes ben saben, durante o presente curso 2019-20, o/a seu/súa fillo/a estivo matriculado/a nun centro que participa na iniciativa E-Dixgal do proxecto Abalar para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, polo que dispón para o seu uso persoal dun ordenador portátil, co seu correspondente maletín, cargador e punteiro.

A dirección do proxecto informa que se o alumando continua no mesmo centro cursando materia E-Dixgal no vindeiro curso 2020-21, disporá do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións.

No caso de que non se cumpra esta circunstancia, deberá entregar o equipo no centro atendendo aos seguintes casos:

1. ALUMNADO CON OBRIGA DE ENTREGA EN XUÑO:

- Alumnado de primaria que non vaia a cursar estudos no mesmo centro durante o curso 2020-21.
- Alumnado de primaria que curse estudos no mesmo centro pero non o faga nun grupo E-Dixgal para curso 2020-21.
- Alumnado de 2º ESO que aproba todas materias E-Dixgal

Deberán entregar o equipo no centro en perfectas condicións (co seu correspondente maletín, cargador e punteiro) antes do **30 de xuño** e asinar o documento achegado polo centro.

2. ALUMNADO CON OBRIGA ENTREGA EN SETEMBRO :

- Alumnado que promociona a 3º ESO e acode á convocatoria de setembro cunha materia E-Dixgal.
- Alumnado de ESO que acode á convocatoria de setembro pero non vai cursar estudos no centro durante o curso 2020-21.

Deberán entregar o equipo no centro en perfectas condicións (co seu correspondente maletín, cargador e lápis) cando se examine da última materia E-Dixgal pendente (sempre antes do **5 de setembro**) e asinar o presente documento.

Atentamente, A dirección do proxecto E-Dixgal